

textos carboníferos

[poemas anteriores a 1997]

Índice:

- 1.- Polo país da palma da túa man
- 2.- Os teus ollos sobre este poema
- 3.- Metamorfoses
- 4.- 1993
- 5.- Son o Amazonas no teu corpo
- 6.- Trasunto con madeixa
- 7.- Ninfo
- 8.- Sucede a tarde
- 9.- Praza das Bárbaras
- 10.- Figura histórica anónima
- 11.- Longo poema de amor por un cabalo de plástico que, ademais, era de meu irmán
- 12.- Amo
- 13.- non está en min
- 14.- Hai que ferver para ser inmortal
- 15.- Cabelos
- 16.- O centinela
- 17.- O branco

Polo país da palma da túa man

Fala, deixa caer unha palabra
Octavio Paz

I Ata as túas mans

*Y así hablaré de tus manos que se alejan
y de las manos de lo hermosísimo ardiendo*

Blanca Andreu

Ao principio dos mundos
coexistían líquidos inefábeis e mandorlas ardendo
baixo corenta soles potenciais e galaxias en flor
non florecía
máis
que
unha célula obstinada
sen presaxio ocupada en
procesos partitivos recén inventados
e rudimentarias pezas de osíxeno recente
sobre unha micrónesima parte de plancton
aborrecido e sen pasto ningún

Acontecendo

Por doquier
estralaba a súa lingua arcaica
a súa lingua de arcanxo queimado
caído e batallador
o volcán

antes de babel e a súa turbamulta
antes do latín e do spanglish

a lava despexou a lambetóns orografía
suxeriu basaltos
e por entón aquilo e non outra cousa era falar

durante eons inconmovíbeis

e todo sen mans sen tendóns sen forza motriz
posta á tarefa por unha mente de recursos xeométricos
ou sibilinos
no seu lugar
o azar deixaba a súa branda pegada
volátil
como unha crenza desgastada
coma o cheiro do unicornio

pero falemos das bestas de todas clases
do seu oportuno rumor
cómo violentamente a brochazos
de á e garra e escama e pe ungulado
pintaron esluíron empastaron
e volveron estucalo todo
para o fino ouro da vida prometida

pero consideremos as mans
un intre
i ese xeito de abriren natureza e chamazas
i esa suave escarcha recollida con prudente marabilla
e a pedra colosal detectada entre o continuo
aillada do continuo como
unha fastuosa maneira de propiciar os ritos
a forza a caza
e o primitivo do desexo
de contornar o mundo
a medida

consideremos as mans, a súa fraxilidade de onde nacen
intelixencia
e músculos tensos para atrapar os paxaros
e rede de tendóns que botan a rede
a un océano de redes cada vez un pouco máis aló

pero volvamos ás súas veas
latexando ao mesmo tempo que o cervo sabéndose
axexado
a súas arterias de singular mestría no tensado de arcos
e pezas de velame
dura, insistentemente exercitan os seus ósos longos
no intercambio de moeda e de metal estraño
así como na pulsación de instrumentos que ateigan de son
as noites irtas
á porta dun senfín de portas
nun pobo dun senfín de almas
e mans que baten que aplauden
e liman exóticas pezas de madeira preta
que limpan peixes azuis e practican vermellos feitizos

mans sobre un torno
sobre un trono de pes de oulería
baixo un corpo morto, sostido no mármore das eras
por outras mans renacentistas das que foron rigor
e flotante capricho
mans cortadas
dos súbditos de Hammurabi
sobre as mans mortas de escribas e contables
mans incontábeis molladas en auga en tinta
en líquido amniótico
en leite quente que se derruba
tras un horizonte de trigos e brañas

mergullados ata o colo de sol i herba
mans que segan
depelican
e moen
sen descanso procuran zocos para os pes
e zurcen luvas para outras mans

mans que desbastan
comestas e devastadas nunha mina é fácil berrar
pero non vos deteñades

inusitadamente xorde unha alborada de mans e nace

unha nación destinada á hulla ao cobre
ao aceite de máquina
ou cinematógrafo
a alzar as súas mans polas promesas incumpridas das rúas
que pavimentaron
mans altas de estatuto e árbore que cae
para nutriren ferrocarrís
mans de estraperlo enterradas en nocturnas praias
onde fuxiron desertores
coas súas mans
cheas de cabelos e pan prestado
van fuxindo mans
pero non vos deteñades

mans de armenia armónica
de armórica e menhir
dedos malabres bengalíes
eléctricas mans xaponesas que escribides beleza
mans que en papúa esgazan carne humana
dedos co arrecendo do opio e o haschish
mans
para describiren a sensualidade de áfrica a súa maxia
torrencial
en longas raíces de baobab
pero non vos deteñades

tendes polido frechas
permanecido unha a rentes da outra
disparado a tempo e a destempo broslado panos
tendes asinado sentenzas
mans que fabricades chocolate
i ese descenso lentísimo como pinga de mel
sobre liñas e deseños de
corpos que non vos pertencen

en vós cabe
asilar fronte enfebrecidas
pes nus
anduriñas xeadas aos pes
dun príncipe estatua de pedras

fermoso

dunha a outra obra o milagre
o que en grosos libros chaman cultura con c grande
a transmisión
o saber
tallar menhires soberbios
filigranas de prata que poderían beberse
cadaleitos herméticos
porque voso é previr o que virá
opórse á morte de palmas abertas
para logo
ofrecer sumisamente o dorso como quen acepta
unha escalinata redonda e moi antiga
que nos solicitase

mans
necesitei todo este tempo condensado
botellas de porvir e pasado lacustre
porque hai mans no meu pensamento
revoando coma paxaros impúdicos
desordenando
libros e conceptos eternos
sacudíndome para que caia de min a froita
coma paxaros
doces
comendo da miña man azul que
escribe i escribe
e reinventa o mundo na súa soidade tan só
para chegar ata as túas mans

II Nas túas mans

precisei séculos de mans para chegar a ti
xenealoxías amanuenses que ningún escribán rexistrou
xamais
remontar ata as súas fontes de prata ou de humilde lama
mans, estas mans
imaxinalas tomando bridas e acariñando antigos peitos
de avoas novas rebordantes de seiva
mesturando pigmentos terra, lodo, sangue, feluxe
cortiza de árbore derrubado por unhas
mans empeñadas en fundir metais e aguzalos
ata que o gume do machado e da noite fanse un

precisei toda a túa estirpe de mans
mais velaquí estou
núa sobre unha cama que testemuña as túas mans únicas
deseño irrepetíbel por máis que esta estela
poliédrica de mans

ti dormes
mais a túa man acaríñame soa
como unha nave
que move-se o vento

as túas mans
que nunca pero tamén tallaron portas e mesas
e trabes principais
están termando de min cun aire de non ir deixarme nunca
nunca
están sendo mans máis mans ca nunca
i eu a nube que atrapan
e o óso que empuñan

hai algo de humanidade desmedida nelas que me fura
son as túas mans
pinceis frescos
e podes plasmar con elas
a materia borrosa a través de vidros de auga
coa que soñas

descoñecido en min

son as túas mans
túas coma os teus soños
pero non mas peches nunca nunca
mans manísimas mans
deixádeme comer delas que
me acariñan e me tallan
humanas mans azuis
reinventando o mundo na súa soidade tan só
para chegar ata os teus soños

os teus ollos sobre este poema

O mundo vai rematar
dondamente
coma o discorrer dos teus ollos
sobre este poema.

O mundo diposto a acabar,
ousando acabar ante todo isto.
O fin é un asunto tan impertinente
e a vida unha cerámica tan fráxil.

Quixera empuñar as cousas
a materia que é principio e fin en si,
quixera brandilas contra medulas de frío
contra a nada que vén vestida
de hábitos talaes
e senta canda min e come do meu prato
aproveitando os pequenos ósos de alimento
como para me advertir que os meus darán antes
con ela que contigo

marzo 1996

metamorfoses

Anxo cun inútil exceso de ás.
Neve caída para non remontar nunca.
Cousas, tantas, tidas por instantáneas.
Ríos que non son os mesmos ríos
mesmo que flúan no mesmo cauce.

Podedes encher de chumbo os sonhos nos que derramo
esposarme
con algas enxertadas nas miñas veas máis azuis,
incrustar a vosa pedra estéril nas vidreiras
que me invento,
facer que no meu campanario
no soe xamais o bronce.
Porque vou chorar sempre polas mesmas cousas
que non son as mesmas cousas
vou chorar sempre.

Existe –dicídeme- existe morte
para a mutación da alma?

De ser humano a mineral
natureza, pedregullo ou magma sólido.
Pena rota dunha praia gris onde detivo Ulises,
restos dun navío, un peteiro fósil de ave,
o óso dun lobo extinto, dunha balea triste,
as primeiras pedras golpeadas que revelou Prometeo.
Calquera obxecto inerte, suxeito ás entrañas mesmas
do tempo,
calquera íntima e denostada materia que nos sobreviva,
e que sempre encontrará lugar nas vosas bocas
o sobre a vosa tumba,
vou ser.
Porque podedes lapidar a miña carne,
a tímida substancia dos meus sentimentos.
Pero os meus sonhos e todos os sonhos de
todos os homes

fraguan coa secreta alquimia dos feixes de luz
e participan, en esencia,
de océanos milenarios

primavera 1993

1993

Outro ser abriu os ollos nos meus ollos.
Non sei cándoo aconteceu, cándoo qué,
cándoo cómo.
De repente o meu cerebro aniñaba os seus pensamentos
e o aire era o seu aire,
sen poder determinar exactamente un momento
metamórfico
ou se diso se trataba sequera.
O caso é
que as miñas mans deixaban de selo,
trazaban escuma nos meus ollos.
I eu gorecía nun recanto daquela húmida pálpebra
tal e como gorecen os obxectos pequenos nos grandes
petos,
coma vetas de prata todo ao longo de subterráneas galerías,
moi por debaixo do visible e cotián.

Outro ser que se chamaba a si mesmo coma eu me chamo.
Escoitaba nos meus ouvidos as cousas que eu tería ouvido,
percorrendo un camiño paralelo e distante
cara o mesmo brumoso Occidente.
Pero non era eu, nin son eu, nin vou selo.
O eu aquel ficou en suspenso
coma unha pegada de gaivotas no horizonte.
Este eu que escribe é xa outro que non atopa o seu nome
e toma o meu. Caza extraviadas palabras pensadas por
aquel
i enfía unha pluma nos seus dedos, como aquel faría,
para se tornar mesquiñamente sobre unha palabra soa, a
única que lle queda,
e arrebatarlle nun sopro, nun revoar de dedos e caricias.

Sen palabra xa non é ninguén e agora son eu por enteiro.
Son eu e son as miñas mans, os meus pes, meus
pensamentos.

Son os meus ollos abertos e húmidos sobre os ollos de outro.

Son o Amazonas no teu corpo.
O meu ventre bifurca en dous regatos que rodean
a illa da túa cintura.
E hai peixes que te observan
cos beizos entreabertos.
Abondan as túas mans de auga
a se derramar sobre as miñas costas
ou a morneza da túa boca
a se deter en escuros médanos
coma unha brisa lene e, ao mesmo tempo,
como atronante treboada.

Es un navío que me surca
sen medo aos penedos da miña alma.
E a pel da auga excita
cando a quilla desliza docemente
e solta áncora
nun
sus
pi
ro

inverno 1993

trasunto con madeixa

Así só
dende este espírito vapuleado e tenue,
dacabalo
entre un finxir de puntadas acuciantes
e vasillas de esplendor perdido
que choran barro,
gañando puntos para a miña
esquizoide e gris materia,
podes adiviñar as madeixas roucas que debando
nesta noite de Penélope
e esperanza
cando xa o heroe tomou posesión das lendas
e todo canto un pobre cego maxina ou pretende
é mentira.

Non volves.
A madeixa é longa e queda noite.
Queda tempo aínda para non terte
así só.

agosto 1993

ninfo

Vólvete ao sentirme como redes.
A túa caluga, amor, un peixe esvaradizo.

A noite enriba. Arredor, un porto.
A industria entre os meus seos tece fíos e tanzas.
Debaixo de min a alba prende con ganchiños
brillantes como alamos no teu pelo,
un tenue amencer.
France o mar, coma un ceño gris.
O meu amor tensado é unha hasta entre as coxas.

Que violento está o mar cando se ama.
Desfago entre os meus dedos as túas escamas.
O teu lombro é unha bóveda e unha cunca.
O meu ventre estanca a auga que te mira.

Como bocexos xemelgos os meus seos abren
na túa boca.
Os peixes marelos saloucan entre sombras.

Vólvete. Son os meus fíos poderosos
rebordando a estrela dos embigos.

O tempo é unha vela que parte.
Parte o mar. A miña voz parte.
Probo a area do non estar soñando.
A malla do mar sarxa co seu aceiro
estas meixelas.
A miña rede ao sol cadricula a praia
sen reterte.
Xazgo enriba para sempre.
Calipso, Calipso!, bérranme os paxaros
famentos.

sucede a tarde

Sucede a tarde como sucederon outras.
 Co mesmo vidro frío dun verso de Pessoa,
 como un manancial de perdas, de esquezos,
 de obxectos esnaquizados
 a descender dorosamente a mesma escaleira.

Sucede a tarde i eu tamén sucedo nela.
 Paseniño, co tenue respirar das cousas tristes
 respiro e vou facéndome tarde
 vou sucedéndome tarde
 porque todo remata i eu continuo á espera;
 os barcos pérdense, os soles, os poemas,
 o meu arredor está extraviando con todo canto eu amo.

Son auga cóncava que busca ánfora onde verterse,
 son unha tarde desesperadamente tarde
 fiaño de si mesma, espiral de húmidos fíos.
 Tarde que transmuta nos meus dedos.
 Tarde onde me estendo coma unha purulenta chaga.
 Tarde líquida sen pouso para esta alma diluída.
 Tarda coma cana verde
 prolongación dunha mantis que ten pánico a moverse.
 Teño pánico a moverme,
 eu, violeta trunchada de cor semellante á tarde.

marzal 1994

As Bárbaras

Esta é a illa das árbores e o vento.
Onde a sombra peitea con follas caídas.
Onde a pedra é un cruceiro
no meu corpo feito de pedra.

Esta é a baía dos mastros fatigados,
de gaivotas encrespadas na espuma das nubes.
Estes son os trinos que me contan os pardais
ou serán os que non me contan i eu invento?

Adiviño un século espeso entre arenisca,
a tatuaxe descarnada de 1786.
Sempre, os mesmos ollos vexetais,
a mesma eventualidade que non me toca,
a mesma árbore á miña esquerda,
o seu torcido aceno cara min.

É soidade isto que me enfeitiza?
Isto que non é árbore, nin brisa, nin palabra?

Tralo muro
pequenos vidros tarantulados tremen
-ao compás de cada sílaba, un cristal converte en gota-;
mais eu só alcanzo a sentir
as gargantas da clausura:
Gaude et laetare, Virgo Maria, alleluia.

O cántico remonta, está a chorar na miña illa.
E mentres a chuvia verte tinta sobre este folio en branco
dúas árbores núas ámanse nas miñas costas

maio 1993

figura histórica anónima

Criei en mans de veleidosas nodrizas.
Os cónsules aromatizaban con talco a súa impericia,
os seus ventres castigados
a estancia do tempo nas súas meixelas
os seus ollos coma orbes sepultadas.

Nada me aprenderon do amor.
En troques, todo canto sei
de guerra
a eles débollo.

Das nodrizas gardo un arrecendo denso
e cada particularidade dos seus xeonllos.

O sardónico sorriso dos cónsules.
O seu xogo axitado e nervioso
propio de perdedores.
A súa inqueda astucia.

Caín coma un rei no seu taboleiro.
A miña fronte aberta na madeira paríu un novo imperio.
A cobiza dos homes é a mesma
só cambian a pericia e o momento.

E xa o meu nome mármore?
Son xa as letras nun libro?

Alguén estúdame e recítame nunha clase.
Fóra chove,
como nos poemas.

Longo poema de amor por un cabalo de plástico que, ademais, era do meu irmán

Arribo a casa
co pulmón ferido e obsesivo
de deter
a un cabalo da miña nenez
polos armarios
desbocado.
Droga que desboca e rompe.

Os armarios.
Criaturas para meter nelas
e vivir sen tempo
onde nada a luz e conxela
onde bico a miña boca no espello.
De nena
un deles
estaba tolo por min.
O seu sorriso, grandes portas,
o cheiro da madeira namorada, xemente,
ante a curva temporal de machados perpetuos.
Nese armario procurei
procureite
cabalo meu
e lembrei que estabas roto, tanto
como esta vea que me latexa se te penso,
e comprendín que eras inmóbil
tanto
coma o corazón que che sumíu no abandono
no armario.
Pero daquela,
como é que me latexas
cómo é que me agallopas
sen te moveres
levando a ningures os meus senos emisarios

pacendo a morfina das miñas ansias pulmonares.

Cómo daquela é o meu peito un val afundido
do que vai xurdir, palpitante,
o cabalo roto da nenez da miña casa
e vai deixarme montaña en soidade
cun oco tremendo polo que seguir procurando
coma quen procura un armario oco
un home oco
unha oca voz.
O universo, o oco máis sutil.

Fractura

Cabalo roto que me rompes o poema
resoprando na miña memoria para dar ao fin comigo.
Onde estás? Onde te rompes?
É o meu peito un espellismo,
isto que te cruza?
Oles a moqueta besbellante onde me esfrego
como unha primavera
aínda baixo o plástico da túa tumba de xoguete.

Nunca fuches meu. Había un indio.
Coido que nunca che fixen o menor caso.
Pero agora deséxote
forte
fortemente
trátase dun capricho
un capricho parvo e moi secreto
e iso é algo que me sacude e esfrega
parvamente
secretamente
e averméllame e palpítame.

Hoxe son as dúas da mañá,
agora van ser as catro.
Teño vintedous anos.
Fago voar xerseis, trapos, disfraces
que se decepcionan,
perchas nas que un moniño obstina en me facer rir,

todo o rompo coas miñas labazadas de calendario
ou vouno modelando con ese aire de morea
que adopta a merda
que adoptan
as cousas do pasado
o mundo enteiro os seres humanos
cando procuramos a un só a un só a un só
roto e só
polo que nos desgarrar os seos romper as augas
que poidan darlle alcance
romper as augas, alisalas
parir a auga da que poida beber
coma un sedento
cabalo.

No armario:
a te romper ti, cabalo,
agallopas estanterías
axitas dados, fichas, ollos de bonecas,
zapatíños de obsceno tacón.
Un esforzo máis
-non queres que te atope-
madeira
e vento
e o goce dun corredor,
cristal da fiestra
noite no tellado
deixas atrás a miña casa.
Aquela estrela
aquela estrela quererame máis cá miña nena.
A miña nena
nunca fun seu -había un indio-
aínda que canto desexei que me tocasse.
Eu, un cabalo mutilado e ríxido
pouco feito aos seus dedíños cheos.
A miña nena,
que medrou tanto dende que xa non ama o armario
e ve o revés das cousas
e pinta anarquías cun facho
e deixa unha triste ingua esquecida sobre as mesas
os portais

ou os bancos do xardín.
A miña nena que instalou ruletas rusas
no seu peito
medrou tanto
ata me facer sentir mortal xoguete
e me conmover.

Aquela estrela.
Aquela nube.
Pero estou canso.
Son só un anaco de plástico
pero podo estar canso
coma unha vida esnaquizada.
Fico nun tellado calquera,
enfrente da miña nena que medrou tanto
que mira a noite como nunca a mirara
que semella procurar algo con terrible amor
polos armarios.
A miña nena.

Vou marchar, non vela.
Pero antes despídome.
Pouso no seu peito mentres dorme.
Debuxo docemente cos meus cascos
algo, unha parvada, nun idioma de cabalos:
"Ámote. Vida miña.
Es a miña nena. Son o cabalo roto.
Son un cabalo roto.
Son un cabalo roto.
Non podo medrar contigo"

Outono 1997

amo

Amo
toda esa constelación de seres da miña vida
cos seus tímidos escintileos
de luz polar
coas súas mans abertas
coma figos docísimos.

Amo
todo aquilo que coñezo
porque rocei a súa pel
ou quizais a súa alma
e porque pénsoos nenos
ou froitas que penduran de min mesma
ou gavetas dun secreto universo
ou simple po que penetra en min.
Ámoos
por non poder evitalo.

Mais tamén
aqueles aos que non coñezo
os que amencen nos meus solpores
e soñan nas miñas auroras
as gargantas deste eco
de risos que trae o Sur.
E os que están afogando.

Podo dicir que "amo"
e estar perdendo neste intre
unha enorme porción de seres amados.

Podo dicir que amo
e ter que me dilatar o peito
por se non me collen os que están a nacer.
Amo por e sobre todo.
Por riba de bosques e chairas

ou desertos.
Por riba de ideas e bandeiras
e obsesións.
Por riba de sexos, estados civís
ou estados mentais.
Por riba de mutilacións, de cores,
de linguas, de arquitecturas.

E saben por que?
Porque unha vez ameí algo que apodrecía.

Sei o que é a necidade.

outono, 1993

Non está en min.
Eu só gardo un pouco de arxila no ventre
pero non está en min.

Por veces sorpréndome
un aceno seu, a retirarse os cabelos,
os seus ollos coma cervos que, con luxo, aparean

Por veces sorpréndome
coa man na miña febre e contémploo
contémploo, contémploo
odio o seu rostro, devoto coma unha mañá
quixera arañalo, gardarmo baixo as unllas
feito de pálidos pedazos
entre os meus peitos con evidente fervor

Son clandestina. Contémploo dende un exilio.
A curva do seu lombo, ese remoto país.
O rostro montaraz e terso coma un coitelo.
Por veces
serviríame rozar unha meniña súa
e celebrar outonos nos seus ollos grandes.
Coido que podería

novembro 1994

Hai que ferver para ser inmortal.
Axexar gando lírico
horas en acios de soños cautivando
os brandos corazóns
odiosos corazóns débiles, as súas pontigas
de prata colgantes
en tantas pupilas aprendices.

A tristeza mineral.
A tristeza mineral non é unha ruína.
O Pequod detido sobre o branco lombo
dunha páxina de Melville,
iso é a tristeza;
unha frecha, adiviñou Zenón, armas sostidas
e brancos agardando,
discóbolos en brazos tensados para sempre,
lapas e o vento pasando Alexandría
como unha nave
ou o pis cinza dun can pompeiano.

Quereredes dicirme seica
que o tempo móvese cara algures.
Que vivimos unha sucesión
cando o que vivimos, se é que vivimos,
é un habitar
sempre entre as mesmas cousas,
se estamos detidos todos estes millóns de anos agrupados
en vastas cordilleiras da Historia,
ao igual que un exército cando, inmóbil,
otea as hostes coas que mesturará o seu sangue.
Un exército tensado
somos
tensos músculos ao axexo do puma que respira
e morre.

Nin onte nin hoxe nin agora.
Sería absurdo.
Vivimos

[ou non vivimos]
sen que nada transcurra.
Non somos nin a pisca nin o intre
máis fugaz que imaxinemos,
nin a máis curva beleza
entre ventres que se curvan,
non somos aínda nin o primeiro coxegueo dourado
que ao deus fixo pestanexar.

Marzo 1996

Agocha nos seus cabelos.
Orienta fermosamente noutra dirección.
Alza a fronte e os beizos brancos
como unha proa
cara as velas
e deixa caer os seus brazos de áncora en areas que non
son eu.

“Rostro de can, lémbrote
como un can
dos meus adentros
arricando a dentadas
anaquiños de lebres
un lapis de cores.

Víchesme co colo ladeado
do acróbata que me leva dentro.
Correr. Víchesme correr
e víchesme un farrapo de entraña asomando
aos ollos do acróbata
que me leva dentro”

Reprega como o aire no fol.
Ignora as miñas mans
pero son caladas
e non han dicirlllo.

Ás veces leva no rostro a maxia de antes.

É un mozo que conta estrelas.
É un mozo que está só.
E lonxe, a miña soidade,
ergueita no seu alto faro.

Esfuma ou non existíu.
Qudan os seus cabelos, os seus cabelos
como unha crobacia dos meus dedos
esfiañándoos en cobres finos
en arcos voltaicos sobre o seu óvalo baleiro.

E unha primerísima luz
decidindo que camiño tomar

Eu era uns dedos nunha man vermella
de lentas e aneis caricias sobre o teu rostro.
O tempo
era un cliché de augas conxeladas:
non acontecía.
E aínda así dábanos tempo a tanto.

Despois recostaba en toda aquela tenrura
de brazos reventados.

Ata que nos miramos, cada un máis lonxe có outro.
Medraron as estrelas,
as árbores anelaron
e ficou o meu dedo só a debuxar estelas fixas,
estelas fixas.
Fixas.

E unha primerísima luz
decidindo que camiño tomar

O centinela é lene e picotea sombras
apostado nun recanto enteiramente seu.
É a noite sen cigarros
o violáceo sabor a boca que adoitan ter as vixías
e os centinelas de tempo que levan moito tempo.

É centinela. Sóubeno dende o principio.
Va a gardar a miña alma, a agardar cen anos.
É a súa misión. É centinela.

Quixera que me falase – eu daríalle cigarros
Quixera que me falase, hai un soto na súa voz.
Quixera ser centinela, ser fermosa e axexante
- eu daríalle cigarros i el, quizais, un par de semanas.

Non é fácil amar a un centinela.

o branco

O branco é o grandioso e terríbel,
 suspira Achab, petando a súa perna branca
 de cairo branco contra as pranchas húmidas, estiradas
 coma linguas,
 do Pequod.

Un albatros corta as súas matinacións a voo rasante
 ondulando o mar como á túnica de Pitia
 os vapores do oráculo,
 baixo a ancha victoria das súas ás
 e a quilla laranxa do seu bico.

Da gávea escapan rouquidos densos de tedio.
 Na cuberta as cachimbas fuman,
 tatúan os brazos,
 fisgas afían,
 a calma espésase e volve visíbel.

O mastro de cofa treme de súpeto:
Ao lonxe, a estribor! A voz zigzaguea
 coma unha costa acantilada.
 Os ollos vólvense a un tempo momentáneo
 que quero capturar nunha frase unicamente apremante:
 ao lonxe, si, baixo un xéiser poderoso
 latexando verde xerfa de mármore ou xeso
 atravesando o tempo da auga en ondas sucesivas
 aló lonxe
 está a nada
 aínda axexante
 colosal
 baixo a súa falsa forma de balea.